

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### ARTEIXO

*Convocatoria de subvenciones y ayudas públicas*

#### **BASES REGULADORAS Y CONVOCATORIA DEL 11º CONCURSO DE MAYOS DEL AYUNTAMIENTO DE ARTEIXO 2026**

**BDNS(Identif.): 898896**

De conformidad con lo previsto en los artículos 17.3.b y 20.8.a de la Ley 38/2003, de 17 de noviembre, General de Subvenciones, se publica el extracto de la convocatoria cuyo texto completo puede consultarse en la Base de Datos Nacional de Subvenciones (<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/898896>)

1ª) Participantes e inscripción: podrán participar personas físicas o jurídicas que previamente entreguen su inscripción por sede electrónica (<https://sede.arteixo.org/sxc/es/>) antes de las 14:00 h del día 15 de mayo de 2026.

2ª) Modalidades y requisitos:

Mayo Tradicional: estructuras piramidales, en cruz o conos. Su estructura final debe situarse entre los 1,50 y los 2,00 m de altura. Los materiales deberán ser obligatoriamente naturales, tradicionales y típicos de Galicia (madera, esparto, retamas, flores silvestres, helechos, etc). Queda terminantemente prohibido el uso de especies vegetales protegidas por la normativa vigente o cuya recogida esté restringida por motivos de conservación.

Mayo Artístico: recreación libre de escenas cotidianas, monumentos u obras de arte. Es una representación libre del mayo. Su estructura final debe situarse entre los 1,50 e os 2,00 m de altura. Se admiten materiales diversos.

Las obras de ambas modalidades deben ser inéditas y no contener elementos que identifiquen la autoría.

La construcción y suministro del soporte para la exhibición del Mayo correrá por cuenta exclusiva de los participantes. Este soporte deberá cumplir con los siguientes requisitos:

Portabilidad: El soporte debe estar diseñado para un fácil transporte y manejo, permitiendo su desplazamiento a la zona de exhibición sin dificultar el tránsito.

Estabilidad: Será responsabilidad de los participantes garantizar que el soporte sea firme y seguro.

Transporte y dimensiones: El traslado de los Mayos será, con carácter general, por cuenta y responsabilidad de las personas participantes. De manera excepcional, el Ayuntamiento podrá ofrecer apoyo logístico a quien no pueda garantizar el transporte por sus propios medios. Para solicitar este servicio, deberá especificarse en la hoja de inscripción, detallando las necesidades técnicas de carga y descarga. En este supuesto, los mayos no podrán exceder los 1,80 m de ancho, largo y alto, con el fin de asegurar su viabilidad en el vehículo municipal.

Plataformas: El Ayuntamiento pone a disposición de los participantes 9 plataformas de 1,50 m (ancho) x 1,50 m (largo) x 0,08 m (alto). Aquellos participantes que deseen hacer uso de ellas para la elaboración previa del mayo deberán solicitarlo en la hoja de inscripción, indicando el número de unidades requeridas y la fecha de recogida y encargarse de su transporte.

Devolución de los mayos: Aquellos participantes que deseen recuperar su composición podrán retirarla el lunes 1 de junio, en horario de 8:00 a 15:00 h.

3ª) Jurado: Estará compuesto por tres vocales de reconocida solvencia técnica y presidido por la Concejalía de Cultura (o persona en quien delegue). Actuará como secretaria/o, con voz y sin voto, y levantará acta una persona adscrita al SM de Cultura del Ayuntamiento de Arteixo.

4ª) Dotación Económica (Premios): Se establecen los siguientes premios no acumulativos:

Premio Mayo Tradicional: 400 €

Premio Mayo Artístico: 400 €

Premio Especial Centros Educativos: 400 €

Accésits: Hasta un máximo de 10 premios de 100 € cada uno, previa validación técnica del jurado.

5ª) Logística y Celebración: Los mayos deberán estar instalados en la Avenida del Balneario en el lugar determinado por la organización el viernes 29 de mayo de 2026 entre las 8:00 y las 10:00 h de la mañana. La entrega de premios tendrá lugar a las 13:00 h del mismo día. Por motivos de espacio, la participación se limita a un máximo de 22 mayos por orden de inscripción. En el caso de los centros de enseñanza se limitará la participación a 1 mayo por etapa educativa y centro (EI, EP, ESO, Bachillerato, ciclo medio y ciclo superior de enseñanzas profesionales).

6ª) Valoración: se tendrá en cuenta criterios como la singularidad del mayo, la originalidad de la idea recreada, los materiales de elaboración, la construcción artesanal junto con su complejidad y acabados y la concordancia con la idea presentada. Se empleará una escala de 0 a 3 puntos por criterio. La suma total de cada criterio y de la totalidad de los miembros del jurado establecerá el orden de los premios. En el caso de empate decidirá la Presidencia del jurado. Este deliberará y emitirá su dictamen al finalizar la revisión y comprobación de los mayos presentados y podrá declarar desierto cualquiera de los premios si no reúne una calidad adecuada. Su resolución será inapelable.

7ª) Aceptación de las bases: La participación en esta convocatoria supone la aceptación expresa de estas bases. La Concejalía de Cultura queda facultada para resolver cualquier duda en su interpretación, así como para decidir sobre cualquier imprevisto no contemplado en estas normas.

#### FICHA INSCRIPCIÓN CONCURSO DE MAYOS 2026 DO AYUNTAMIENTO DE ARTEIXO

Don/doña:

DNI

En su nombre o en representación de:

CIF

Indicar ciclo (solo en el caso de centros educativos):

- Educación Infantil  
 Educación Primaria  
 Educación Secundaria  
 Bachillerato  
 Ciclo Medio de FP  
 Ciclo Superior de FP

Dirección:

C/

Nº

Piso

Letra

CP:

Localidad:

Provincia:

Tel. Móvil:

Tel. Fijo:

e-mail:

Datos bancarios (24 caracteres: IBAN+nº de cuenta):

SOLICITA:

Participar en el concurso de los Mayos 2026 en las modalidades de:

[ ] Mayo tradicional NOMBRE DEL MAYO \_\_\_\_\_

[ ] Mayo artístico NOMBRE DEL MAYO \_\_\_\_\_

Necesidad de plataforma facilitada por el ayuntamiento (1,50 m de ancho x 1,50 m de largo x 0,08 m de alto) a recoger por la entidad participante:

[ ] SÍ

[ ] NO

\_\_\_\_\_ (indicar número de plataformas)

\_\_\_\_\_ (fecha de recogida) \_\_\_\_\_ (fecha de entrega)

En caso estrictamente necesario y, si es posible, que el Mayo se recoja en la siguiente dirección:

\_\_\_\_\_

Día: \_\_\_\_\_ hora: \_\_\_\_\_

persona de contacto: \_\_\_\_\_

Cualquier otro aspecto destacable de la recogida: \_\_\_\_\_

Devolución del Mayo (lunes 1 de junio de 2026):

SÍ

NO

De conformidad con lo dispuesto en las bases reguladoras del 11º Concurso de Mayos del Ayuntamiento de Arteixo DECLARO bajo mi responsabilidad:

1. Que la entidad a la que representa no se encuentra incurso en ninguna de las causas de prohibición para ser beneficiario/a de ayudas o subvenciones públicas, a la que hace referencia el artículo 13.2 de la Ley 38/2003, de 17 de noviembre, general de subvenciones, que implica, entre otras condiciones, que se encuentra al corriente con sus obligaciones con la Hacienda Estatal, Autonómica, Local y con la Seguridad Social.

2. Que la entidad no tiene pendiente de pago ninguna cantidad derivada de expedientes de reintegro de subvenciones.

3. Que se encuentra al corriente en sus obligaciones tributarias con la Agencia Estatal y Autonómica de Administración Tributaria y de la Tesorería de la Seguridad Social y del Ayuntamiento de Arteixo y que:

Autoriza al Ayuntamiento de Arteixo a consultar dicha información

No autoriza al Ayuntamiento de Arteixo a comprobar dicha información, por lo que presentará los certificados correspondientes.

4. Que la entidad a la que representa (marque la opción que corresponda):

Está sujeta a retención:

En el caso de resultar beneficiaria de alguno de los premios de la presente convocatoria acepta la práctica de la retención correspondiente, actualmente del 19 %, en concepto de pago en cuenta del Impuesto sobre Sociedades o del IRPF (en el caso de entidades en régimen de atribución de rentas), de conformidad con lo dispuesto en el artículo 101.7 de la Ley 35/2006 de IRPF y en el artículo 60.1.b) del Reglamento del Impuesto sobre Sociedades RD 634/2015.

Está exenta de retención (Ley 49/2002):

Declara ser una entidad sin fines lucrativos acogida al régimen fiscal especial regulado en la Ley 49/2002 de entidades sin fines lucrativos, por lo que las rentas percibidas están exentas en los términos previstos en la normativa devandita norma. Para los efectos de no practicar retención, aporta copia del CIF y certificado en vigor expedido por la Agencia Estatal de la Administración Tributaria, de acuerdo con el artículo 12 de la citada Ley y con el artículo 4 del RD 1270/2003.

Entidad parcialmente exenta (art. 9.3 LIS)

Declara ser una entidad parcialmente exenta conforme al artículo 9.3 de la Ley 27/2014 del Impuesto sobre Sociedades y reconoce que el premio percibido constituye una renta sujeta y no exenta del Impuesto sobre Sociedades, por lo que está sometida a la correspondiente retención conforme a la normativa vixente.

Que cumple y acepta lo estipulado en las bases de este concurso, especialmente la que establece el lugar de colocación del mayo (Avenida del Balneario), la hora (8:00-10:00 h), el día (viernes 29 de mayo) y las instrucciones que dicte la organización sobre el lugar exacto de colocación y recogida en el recinto.

Arteixo, \_\_\_\_\_, de \_\_\_\_\_ de 2026

\_\_\_\_\_  
(firma)

Nombre, apellidos, DNI de la persona firmante y sello de la entidad (si procede)

ARTEIXO

14/4/2026

María Dolores Dubra López (concejala de Cultura y Juventud)

**BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DO 11º CONCURSO DE MAIOS DO CONCELLO DE ARTEIXO 2026****BDNS(Identif.): 898896**

De acordo co disposto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria, cuxo texto completo se pode atopar na Base de Datos Nacional de Subvencións (<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/898896>)

1ª) Participantes e inscrición: poderán participar persoas físicas ou xurídicas que previamente entreguen a súa inscrición por sede electrónica (<https://sede.arteiro.org/sxc/es/>) antes das 14:00 h do día 15 de maio de 2026.

2ª) Modalidades e requisitos:

Maio Tradicional: estruturas piramidais, en cruz ou conos. A súa estrutura final debe situarse entre os 1,50 e os 2,00 m de altura. Os materiais deberán ser obrigatoriamente naturais, tradicionais e típicos de Galicia (madeira, esparto, xestas, flores silvestres, fentos, etc). Queda terminantemente prohibido o uso de especies vexetais protexidas pola normativa vixente ou cuxa recollida estea restrinxida por motivos de conservación.

Maio Artístico: recreación libre de escenas cotiás, monumentos ou obras de arte. É unha representación libre do maio. A súa estrutura final debe situarse entre os 1,50 e os 2,00 m de altura. Admítese materiais diversos.

As obras de ambas modalidades deben ser inéditas e non conter elementos que identifiquen a autoría.

A construción e subministración do soporte para a exhibición do Maio correrá por conta exclusiva dos participantes. Este soporte deberá cumprir cos seguintes requisitos:

Portabilidade: O soporte debe estar deseñado para un fácil transporte e manexo, permitindo o seu desprazamento á zona de exhibición sen dificultar o tránsito.

Estabilidade: Será responsabilidade dos participantes garantir que o soporte sexa firme e seguro.

Transporte e dimensións: O traslado dos Maios será, con carácter xeral, por conta e responsabilidade das persoas participantes. De xeito excepcional, o Concello poderá ofrecer apoio loxístico a quen non poida garantir o transporte polos seus propios medios. Para solicitar este servizo, deberá especificarse na folla de inscrición, detallando as necesidades técnicas de carga e descarga. Neste suposto, os maios non poderán exceder os 1,80 m de ancho, longo e alto, co fin de asegurar a súa viabilidade no vehículo municipal.

Plataformas: O Concello pon a disposición dos participantes 9 plataformas de 1,50 m (ancho) x 1,50 m (longo) x 0,08 m (alto). Aqueles participantes que desexen facer uso delas para a elaboración previa do maio deberán solicitalo na folla de inscrición, indicando o número de unidades requiridas e a data de recollida e encargarse do seu transporte.

Devolución dos maios: Aqueles participantes que desexen recuperar a súa composición poderán retirala o luns 1 de xuño, en horario de 8:00 a 15:00 h.

3ª) Xurado: Estará composto por tres vogais de recoñecida solvencia técnica e presidido pola Concelleira de Cultura (ou persoa en quen delegue). Actuará como secretaria/o, con voz e sen voto, e levantará acta unha persoa adscrita ao SM de Cultura do Concello de Arteixo.

4ª) Dotación Económica (Premios): Establécense os seguintes premios non acumulativos:

Premio Maio Tradicional: 400 €

Premio Maio Artístico: 400 €

Premio Especial Centros Educativos: 400 €

Accésits: Ata un máximo de 10 premios de 100 € cada un, previa validación técnica do xurado.

5ª) Loxística e Celebración: Os maios deberán estar instalados na Avenida do Balneario no lugar determinado pola organización o venres 29 de maio de 2026 entre as 8:00 e as 10:00 h da mañá. A entrega de premios terá lugar ás 13:00 h do mesmo día. Por motivos de espazo, a participación limitase a un máximo de 22 maios por orde de inscrición. No caso dos centros de ensino limitarase a participación a 1 maio por etapa educativa e centro (EI, EP, ESO, Bacharelato, ciclo medio e ciclo superior de ensinanzas profesionais).

6ª) Valoración: teranse en conta criterios como a singularidade do maio, a orixinalidade da idea recreada, os materiais de elaboración, a construción artesanal xunto coa súa complexidade e acabados e a concordancia coa idea presentada. Empregarase unha escala de 0 a 3 puntos por criterio. A suma total de cada criterio e da totalidade dos membros do xurado establecerá a orde dos premios. No caso de empate decidirá a Presidencia do xurado. Este deliberará e emitirá o seu ditame ao finalizar a revisión e comprobación dos maios presentados e poderá declarar deserto calquera dos premios se non reúne una calidade axeitada. A súa resolución será inapelable.

7ª) Aceptación das bases: A participación nesta convocatoria supón a aceptación expresa destas bases. A Concellaría de Cultura queda facultada para resolver calquera dúbida na súa interpretación, así como para decidir sobre calquera imprevisto non contemplado nestas normas.

FICHA INSCRIPCIÓN CONCURSO DE MAIOS 2026 DO CONCELLO DE ARTEIXO

Don/dona:

DNI

No seu nome ou en representación de:

CIF

Indicar ciclo (só no caso de centros educativos):

- Educación Infantil  
 Educación Primaria  
 Educación Secundaria  
 Bacharelato  
 Ciclo Medio de FP  
 Ciclo Superior de FP

Enderezo:

R/

Nº

Andar

Letra

CP:

Localidade:

Provincia:

Tel. Móbil:

Tel. Fixo:

e-mail:

Datos bancarios (24 caracteres: IBAN+nº de conta):

SOLICITA:

Participar no concurso dos Maios 2026 nas modalidades de:

( ) Maio tradicional NOME DO MAIO \_\_\_\_\_

( ) Maio artístico NOME DO MAIO \_\_\_\_\_

Necesidade de plataforma facilitada polo concello (1,50 m de ancho x 1,50 m de longo x 0,08 m de alto) a recoller pola entidade participante:

( ) SI

( ) NON

\_\_\_\_\_ (indicar número de plataformas)

\_\_\_\_\_ (data de recollida) \_\_\_\_\_ (data de entrega)

En caso estritamente necesario e, se é posible, que o Maio se recolla no seguinte enderezo:

\_\_\_\_\_ Día: \_\_\_\_\_ hora: \_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_ persoa de contacto: \_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_ Calquera outro aspecto salientable da recollida: \_\_\_\_\_

Devolución do Maio (luns 1 de xuño de 2026):

( ) SI

( ) NON

De conformidade co disposto nas bases reguladoras do 11º Concurso de Maios do Concello de Arteixo DECLARO baixo a miña responsabilidade:

1. Que a entidade á que representa non se atopa incursa en ningunha das causas de prohibición para ser beneficiario/a de axudas ou subvencións públicas, a que fai referencia o artigo 13.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, que implica, entre outras condicións, que se atopa ao corrente coas súas obrigas coa Facenda Estatal, Autonómica, Local e coa Seguridade Social.

2. Que a entidade non ten pendente de pago ningunha cantidade derivada de expedientes de reintegro de subvencións.

3. Que se atopa ao corrente nas súas obrigas tributarias coa Axencia Estatal e Autonómica de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social e do Concello de Arteixo e que:

Autoriza ao Concello de Arteixo a consultar dita información

Non autoriza ao Concello de Arteixo a comprobar a dita información, polo que presentará os certificados correspondentes.

4. Que a entidade á que representa (marque a opción que corresponda):

Está suxeita a retención:

No caso de resultar beneficiaria dalgún dos premios da presente convocatoria acepta a práctica da retención correspondente, actualmente do 19 %, en concepto de pagamento a conta do Imposto sobre Sociedades ou do IRPF (no caso de entidades en réxime de atribución de rendas), de conformidade co disposto no artigo 101.7 da Lei 35/2006 do IRPF e no artigo 60.1.b) do Regulamento do Imposto sobre Sociedades RD 634/2015.

Está exenta de retención (Lei 49/2002):

Declara ser unha entidade sen fins lucrativos acollida ao réxime fiscal especial regulado na Lei 49/2002 de entidades sen fins lucrativos, polo que as rendas percibidas están exentas nos termos previstos na devandita norma. Para os efectos de non practicar retención, achega copia do CIF e certificado en vigor expedido pola Axencia Estatal da Administración Tributaria, de acordo co artigo 12 da citada Lei e co artigo 4 do RD 1270/2003.

Entidade parcialmente exenta (art. 9.3 LIS)

Declara ser unha entidade parcialmente exenta conforme ao artigo 9.3 da Lei 27/2014 do Imposto sobre Sociedades e recoñece que o premio percibido constitúe unha renda suxeita e non exenta do Imposto sobre Sociedades, polo que está sometida á correspondente retención conforme á normativa vixente.

Que cumpre e acepta o estipulado nas bases deste concurso, especialmente a que establece o lugar de colocación do maio (Avenida do Balneario), a hora (8:00-10:00 h), o día (venres 29 de maio) e as instrucións que dite a organización sobre o lugar exacto de colocación e recollida no recinto.

Arteixo, \_\_\_\_\_, de \_\_\_\_\_ de 2026

\_\_\_\_\_  
(sinatura)

Nome, apelidos, DNI da persoa asinante e selo da entidade (se procede)

ARTEIXO

14/4/2026

María Dolores Dubra López (concelleira de Cultura e Xuventude)

2026/2339